



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A E A CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI), PARA A EXECUCIÓN DUN PROXECTO DE PREVENCIÓN DA DEPENDENCIA E PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL NO MEDIO RURAL.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade da Consellería de Política Social,
DECLARA:

Que esta consellería de Política Social ten previsto formalizar coa entidade (COGAMI) o convenio de colaboración arriba referido, por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017.

Que o convenio de colaboración ten por obxecto o desenvolvemento dun proxecto de prevención da dependencia e promoción da autonomía persoal no medio rural no que, contando cunha metodoloxía de intervención a persoa dende a idade temperá, promova ao máximo as súas capacidades e habilidades funcionais, contribuíndo a súa mellora física, cognitiva, de comunicación e linguaxe para unha maior independencia e autonomía na vida cotiá

Que existindo converxencia de intereses entre as entidades asinantes, en orden á consecución do fin perseguido, actuarase consonte ao seguinte:

Que o convenio de colaboración que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Primeiro – Na necesidade de mellorar a calidade de vida das persoas cos discapacidade no medio rural tendo en conta que a falta de accesibilidade, o envellecemento e a dispersión da poboación fan necesario habilitar solucións ás demandas das persoas con discapacidade que viven no rural na contorna onde se desenvolven, na medida en que estas precisan de maiores necesidades de apoio e co obxecto de facilitarlles as maiores cotas de independencia e autonomía persoal

Segundo - No interese público en estender as anteriores accións en favor do colectivo das persoas con discapacidade física que viven no medio rural.

Terceiro – Que a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), conta cos medios axeitados para o desenvolvemento do proxecto nos emprazamentos que dispón en Santiago, A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo, Mos, Monteporreiro e Medelo.

En relación con esta situación, o artigo 31.2 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, prevé por razóns de interese público a posibilidade de subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de urxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrência pública.

Cuarto – Que en vista do interese existente, resulta preciso instrumentar a colaboración coa Confederación Galega de Persoas con Discapacidade para a execución dun proxecto de prevención da dependencia e promoción da autonomía persoal no medio rural no que, contando cunha metodoloxía de intervención a persoa dende a idade temperá, permita fomentar a súa independencia e autonomía persoal adoptando as pautas que melloren a súa calidade de vida.





Quinto - A este respecto a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia recolle no seu artigo 19.4 a posibilidade de subvencións directas por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública. Pola súa parte o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia, establece que estas transferencias se instrumentarán a través dunha resolución ou convenio que, en todo caso, deberá axustarse ás previsións contidas en dita Lei, salvo no que afecte á aplicación dos principios de publicidade e concorrência.

Así pois a actuación que se propón realizar, pode materializarse mediante un acordo coa Confederación Galega de Persoas con Discapacidade. Colaboración que esixe a formalización dun convenio de colaboración coa entidade para realizar a transferencia corrente que permita executar as actuacións precisas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1 /2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio de colaboración que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 6 de Novembro de 2017.

A Directora Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade,

Fabiola García Martínez.

